DÍPTICO CON INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O SERVIZO

¿Que podemos facer se temos un conflito?

Podemos solicitar a intervención do servizo de mediación.

¿ Que é o servizo de mediación?

- Un recurso que ten o centro para axudarche a resolver os conflitos que poidas ter cos/as compañeiros/as.
- Neste servizo, unha persoa (o/a mediador/a), axudará a que vos mesmos atopedes unha solución para o voso conflito. Aínda que para iso tendes que cumprir unhas **condicións**:
  - ✓ Querer solucionar o problema.
  - ✓ Respectar as regras da mediación.

¿ Como solicitar a súa intervención?

- Comunicándollo ao titor, ao coordinador/a do servizo ou a calquera profesor/a.
- Tamén podedes deixar a vosa solicitude na caixa de correo do servizo, despois de reencher a solicitude que podedes pedir en conserxería.

¿ Que conflitos son mediables?

- A maioría dos conflitos que acostuman a producirse nas relacións cos/as compañeiros/as:
  - ✓ Problemas derivados de insultos, ameazas, pelexas, discusións, desacordos, ... que rompan as boas relacións que todos/as debemos manter.
  - ✓ Amistades deterioradas.
  - ✓ Problemas nos espazos de lecer.
  - ✓ Situacións que desagradan ou que che parezan inxustas.
  - ✓ En fin, todas aquelas que non son consideradas como graves do plan de convivencia do centro.